

Ada A. Byron Lovelace (Londres, 1815-1852)



Filla de Lord Byron. A súa afección polas Matemáticas venlle por parte da súa nai Annabella Milbanke Byron (a «princesa dos paralelogramos», chamáballe Byron) quen, para tratar de impedir que a filla continuase os pasos literarios do seu pai, consegue que Ada sexa discípula de Mary Somerville, a «raíña das Ciencias do século XIX».

Quedou fascinada pola máquina analítica de Charles Babbage e converteuse na máxima valedora do proxecto da súa construción.

Tivo o mérito de prever a capacidade das computadoras para ir máis alá dos simples cálculos con números, mentres que outros, incluído o propio Babbage, se centraron unicamente nas capacidades numéricas.

Actualmente é considerada como a «primeira programadora da historia». Durante a súa vida as súas contribucións foron pouco apreciadas. Non foi ata o século XX cando se aproveitaron para os avances da informática.

Algúns dos recoñecementos *post mortem* foron os seguintes:

- En 1979 o Departamento de Defensa dos Estados Unidos creou unha linguaxe de programación na súa honra chamada linguaxe «ADA».
- O seu rostro apareceu como marca de autenticidade nos certificados de licenza do sistema operativo Microsoft Windows.
- ADA é o nome dunha asociación que traballa para fomentar nas mulleres a dedicación ás Matemáticas.

En 2010 comezou a filmación dunha película na que se fala sobre ela, o seu título é *Enchantress of Numbers* ou «A encantadora de números».